

DONA PILAR MARIA PASTOR NOVO, secretaria xeral do Concello de Cambre (A CORUÑA)

CERTIFICO: Que con data 22 de xunio de 2022 pola auxiliar de rexistro Mar Castro Vigo, se emitiu o informe que di:

“ Que permaneceu exposto ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Cambre do dia 5 de maio ao 17 de xunio de 2022 o anuncio do departamento de emprego, relativo ao programa Consolida Cambre 2022.

Que durante o período de exposición non se presentaron alegacións “

E para que conste a efectos de incorporación no expediente da súa razón, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe do señor alcalde, en Cambre a data da sinatura dixital.

A secretaria xeral

Visto e praxe

O Alcalde

Oscar A. García Patiño

A nosa Ref: Taboleiro de anuncios

Expóñase no taboleiro de anuncios do Concello o anuncio de data 5 de Maio de 2022, do departamento de emprego, relativo ao programa Consolida Cambre 2022, que se achega a continuación.

Cambre, na data da sinatura electrónica

A Secretaria Accidental

Verónica María Otero López



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Programa Consolida Cambre 2022

ANUNCIO

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022, aprobou inicialmente as bases reguladoras da convocatoria pública do Programa de axudas municipais á consolidación de empresas do Concello de Cambre, Programa Consolida Cambre 2022, e modelos de solicitude (anexos).

Ábrese un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días hábiles, a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

No caso de que non se presenten alegacións, as bases entenderanse definitivamente aprobadas, polo que se publicarán integramente no Boletín Oficial da Provincia (BOP), de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Da convocatoria da subvención darase traslado a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da Lei xeral de subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Poden consultar o texto íntegro das bases aprobadas polo Pleno municipal na sede electrónica municipal <https://sede.cambre.es/>, dentro do apartado denominado "Taboleiro de anuncios", así como no taboleiro de anuncios municipal, sito na casa do concello (Rúa Adro, 1 - 15660 Cambre).

Cambre, 29 de abril de 2022

O concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico

PD. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo).

Diego Alcantarilla Rei

2022/2359